

## Acta da Asemblea Xeral do día 25 de abril de 2017

Sendo as 20:00h do 25 de abril de 2017 damos comezo a Asemblea Xeral da ICM co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Orzamento Municipal 2017.
3. Actividade do Grupo Municipal.
4. Plan de traballo semestral.
5. Rogos e preguntas.

Comezamos coa lectura do acta anterior e apróbase por maioría

Hoxe aprobouse no Pleno do Concello por maioría, cos votos en contra do PP e do PSOE, o Orzamento Municipal 2017. O traballo do grupo municipal da ICM conseguiu orzamentar os obxectivos que consideramos prioritarios como o Plan Estratéxico para o Concello, a Oficina de Rehabilitación, un concurso de ideas para o Zárate, a posta en marcha dos Orzamentos Participativos, e o comedor do Santiago Apostol entre outros.

En relación da Actividade do Grupo Municipal:

- **Cine Zárate:** tivo lugar a reunión con Patrimonio, alegaron falta de cartos para axudar no financiamento. O goberno comunicou que entendía a protección da fachada principal, pero non a terraza por non pertencer ao edificio orixinal e ser un engadido. Non tiñan miradas as alegacións que fixera o Concello. Se lle propuxo á Técnica de Patrimonio facer o concurso de ideas participando de forma conxunta Patrimonio, Colexio de Arquitectos e Concello.
- **O Plan Estratéxico do Concello:** O comezo consistiría en facer xuntanzas sectoriais (hostalaría, movementos culturais, entidades veciñais, etc.) para elaborar unha folla de ruta que impulse ao Concello.
- **Festa do Polbo:** para a súa realización este ano contactouse con cociñeiros mugardeses para poder levala a cabo, só un deles mostrouse interesado en facela, dada a necesidade dunha importante infraestrutura. Presentou un orzamento que o concello aceptou. Falouse coas diferentes asociacións que colaboraban no evento para buscar a forma de que non resultasen perxudicadas no desenvolvemento das actividades que son a súa razón de ser.

En canto ao Plan de traballo semestral:

- A nova sede está lista, quedan colocar os vinilos e dúas lámpadas, a obra saíu no orzamentado e a inauguración queda programada para o sábado 17 de xuño.
- Boletíns: planifícase sacar un coa inauguración.
- En Maio comezaremos a falar coas asociacións veciñais e en setembro comezaremos cos orzamentos participativos.

O saldo na conta a 31 de decembro de 2015 é de 810,03€, os ingresos do ano pasado foron 5.524,59€ (aportación dos concelleiros máis as cotas dos membros). En canto a gastos foron 4.082,91€. A 31 de decembro de 2016 o saldo da conta aumentou a 2.251'71€. Este ano ao Grupo Municipal xa se lle fixo por parte do Concello o ingreso da asignación do 2015 e do 2016.

Non habendo rogos e preguntas e sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 22:00h.